

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA
DE GOBERNO LOCAL DE DATA

26 XUL 2014

A Secretaría de Goberno local,
P.O.

EXPEDIENTE: 70983/250

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES PARA CONTRATACIÓN DO ALUGUER DA MAQUINARIA DE OBRA PÚBLICA, CON OU SEN MAQUINISTA, PARA REPARACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS E OUTROS EQUIPAMENTOS CONEXOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL QUE TEN ENCOMENDADAS O TALLER DE VÍAS E OBRAS

1.- Obxecto

O obxecto do presente prego é o de establecer os tipos de maquinaria a subministrar e as súas características técnicas.

2.- Maquinaria a subministrar

A maquinaria a subministrar será a que figura no ANEXO I CUADRO I ao presente prego.

Deberá cumprirse o establecido en:

- Lei 31/95, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais e demais normativa de aplicación.
- Guía de coordinación de actividades empresariais do Concello de Vigo.

As máquinas que se subministren, así como o operario que a manexe, deberán contar con toda a súa documentación actualizada e autorizacións necesarias que se precisen para o normal desenvolvemento do seu manexo, e de forma explícita as que se relacionen a continuación:

* Para a maquinaria:

- Marcado CE.
- Declaración de conformidade.
- Manual de instrucións.
- Xustificación do mantemento realizado segundo manual de instrucións do fabricante.
- Copia da póliza do seguro da maquinaria posta a disposición do contrato que inclúa a responsabilidade fronte a terceiros polos danos que poda ocasionar e do recibo de estar ao corrente no seu pago.

* Para o operario:

- Autorización por escrito da empresa para a utilización da máquina certificando capacitación e formación en materia preventiva para o seu uso.
- Aptitude do traballador para o posto de traballo.
- Entrega dos EPI requiridos no Manual de instrucións do fabricante do equipo de traballo.



- Xustificación do cumprimento do artigo 18.- LPRL, informando ao usuario dos riscos específicos derivados do uso da máquina así como das medidas de protección e prevención aplicables para reducir ou eliminar os ditos riscos.

No caso de subministrar unha máquina para ser utilizada por un empregado público municipal, a empresa de aluguer instruíra ao traballador no seu uso seguro mediante a realización dun curso específico, do que deberá deixar constancia por escrito. O adxudicatario obrígase o seu cargo, ao adestramento do empregado municipal polo período de tempo que proceda, ata un máximo de 1 hora. A devandita persoa será autorizada polo Servizo de Prevención de Riscos Municipal para usos posteriores desa máquina en concreto.

Se nun determinado momento o adxudicatario non puidese subministrar unha máquina das características das que figuran no ANEXO I CUADRO I, obrígase á subministración dunha máquina similar e de prestacións iguais ou superiores á solicitada, logo da autorización do Responsable do contrato.

3.- Prezos

Os prezos serán os indicados no ANEXO I CUADRO I. No prezo das extendedoras de aglomerado, o prezo por hora indicado para as máquinas inclúen a dous operarios regluistas, non así o do maquinista que facturará a maiores ao prezo indicado. Nos devanditos prezos encóntranse incluídos todos os custos (transporte, combustible, consumibles, etc) polo que aos prezos establecidos lles será aplicado exclusivamente a baixa porcentual ofertada e o IVE correspondente en cada momento.

4.- Entrega da maquinaria

As máquinas solicitadas serán entregadas no punto que se lle indique á empresa, de acordo co parte de solicitude, dentro do termo municipal de Vigo.

Do mesmo xeito procederáse á súa recollida. O punto de entrega e de recollida non será necesariamente o mesmo.

Serán por cargo do adxudicatario, e se consideran incluídos no prezo unitario a todos os efectos, a totalidade dos gastos que se produzan para a correcta entrega e posta a disposición da maquinaria no lugar determinado polo Concello de Vigo.

Para as horas facturadas soamente se terán en conta as horas efectivas dende a posta a disposición da máquina no lugar indicado ata a hora indicada no parte de solicitude para a recollida da maquinaria.

5.- Director facultativo e responsable da empresa

O director facultativo deste contrato será o mesmo técnico municipal nomeado polo Concello para a obra á cal estarán vinculadas as máquinas.

Dito técnico será o responsable de asinar os partes de solicitude da maquinaria que terán relación directa coa obra a executar. Así mesmo será o

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



APPROBADO NA SESIÓN DA XUNTA
DE GOBERNO LOCAL DE VIGO

26 XUN. 2014

A Secretaría de Goberno local,
P. O.

responsable da supervisión da execución dos traballos, cursando o adxudicatario a través do "delegado do contratista", as órdenes e instrucións necesarias para a correcta execución do contrato.

A empresa adxudicataria nomeará un "Delegado do contratista", o cal será o responsable da tramitación e xestión das necesidades inherentes á posta a disposición do Concello de Vigo das máquinas solicitadas.

6.- Parte de solicitude

As solicitudes das máquinas por parte do Concello de Vigo tramitaranse a través do director facultativo do contrato cun "parte de solicitude" que deberá dirixirse ao delegado do contratista. Dito parte deberá de conter como mínimo os seguintes aspectos:

- Obxecto da actuación:
- Maquinaria necesaria, indicando o tipo de máquina, o número de unidades, así como a necesidade ou non de operario para o seu uso.
- Lugar de entrega e hora para o inicio da actividade efectiva da máquina ou máquinas.
- Previsión de hora e lugar de recollida.
- Nome, apelidos e sinatura do persoal responsable da entrega.
- Nome, apelidos e sinatura do persoal responsable da recepción.
- O parte de solicitude deberá conter un espazo para poder formular a conformidade ou observacións sobre a máquina ou máquinas entregadas.

7.- Substitución da maquinaria por avarías:

Cando unha máquina esté traballando para o servizo de Vías e Obras e a mesma sufra unha avaría, desperfecto, ou calquera outra circunstancia que impida o seu normal funcionamento, a empresa adxudicataria deberá substituíla por outra de similares características no prazo máximo de 24 horas, sendo todos os gastos por conta da empresa adxudicataria. Así mesmo non serán computadas para o dereito de facturación as horas comprendidas no período de inactividade da mesma.

ARC/bc

Vigo, 9 de abril de 2014
O enxeñeiro xefe de Vías e Obras

Agustín Rodríguez Carballo

ANEXO I

CUADRO I

DESCRIPCIÓN	PRECIOS MAQUINARIA		PRECIOS Mano de obra
	MAQUINA €/ hora	€/ Ud.	MAQUINISTA €/ hora
Cabeza Tractora con góndola de 40 Tn para transporte maquinaria	62,56		19,00
Cabeza tractora con remolque-bañera de 21 m3 de capacidad útil	51,03		19,00
Camión volquete de 17 m3 de carga útil	40,33		19,00
Camión volquete trilateral de 8 m3 de carga útil	39,83		19,00
Camión basculante con pinza e cuchara de 500 l de capacidade	49,90		19,00
Carroceta con capacidade de carga ata 5 m3	30,30		19,00
Dumper autocargable 2 Tn (sen maquinista)	7,83		19,00
Camión con guindastre de 20 metros	63,55		19,00
Camión con guindastre de 25 metros	78,90		19,00
Camión con guindastre de 14 metros	48,05		19,00
Plataforma aérea H=8 a 10 m	32,37		19,00
Bomba de formigón de 30 m3/hora	132,30		19,00
Retropala mixta sobre neumáticos 4x4 de 110 CV con brazo extensible e cazo	31,80		19,00
Retropala mixta s/neumaticos 4x4 110 CV con martelo rompedor de 360 Kg	41,87		19,00
Retroexcavadora sobre neumáticos con cazo de 0,70 m3	46,03		19,00
Minicargadora con cazo	25,13		19,00
Minicargadora con martelo	32,13		19,00
Motoniveladora de 135 CV sobre neumáticos con cazo 1m3	55,23		19,00
Fresadora cargadora autopulsada para 1m de ancho	162,30		19,00
Camión cisterna Isoterma para emulsións	44,37		19,00
Camión cisterna regador con rampla	45,63		19,00
Repartidor manual de emulsión Trivi 15LD (sen maquinista)	12,50		19,00
Extendedora aglomerado sobre orugas e regla hidráulica de 2,5 a 6 m	155,30		19,00
Extendedora aglomerado sobre orugas e regla hidráulica de 1,20 a 2,40 m	142,80		19,00
Compactador de neumáticos liso de 18 Tn	40,73		19,00
Compactador mixto vibratorio para terras de 12 tn	32,47		19,00
Apisonadora de llanta metálica vibratoria de 8 tn	28,80		19,00
Rodillo mixto neumáticos e llanta metálica 2700 Kg para aglomerado	15,60		19,00
Compactador rodillo metálico de 2200 Kg	11,77		19,00
Compactadora Vaker BS(sen maquinista)	3,83		19,00
Compactador manual vibratorio de 800 Kg con depósito de agua	6,53		19,00
Plancha manual vibrante con depósito de auga	4,57		19,00
Picas especiais para fresadora		5,00	

O prezo da hora de máquina para as extendedoras de aglomeradoo, inclúe a concurrencia de dous operarios reglistas, non o do maquinista que facturaráse adicionalmente ao prezo para elo indicado.

Los precios que se indican, incluirán todos los gastos, combustibles consumibles así como transporte a cualquier punto del Término Municipal, por lo que los precios líquidos serán los que figuran en el listado aplicándoseles la baja ofertada y el IVA correspondiente en cada momento

26 XUN. 2014
A Secretaría de Gobierno local,
P. O.

Vigo, 24 de enero de 2014
El Ingeniero Jefe de Vías y Obras

Fdo.: Agustín Rodríguez Carballo